



1.- Palabrario estatístico de educaBarrié

Os dous termos estatísticos que se engadiron esta semana ao **Palabrario** de educaBarrié son:

- *Algoritmo simplex*, definido por Balbina Virginia Casas Méndez.
- *Poboación e mostra*, definido por Pedro Faraldo Roca.

Páxina web: <http://www.educabarrie.org/gl/palabrario>

2.- Xornada sobre o Ensino da Estatística

Xa está dispoñible o programa completo da Xornada sobre o Ensino da Estatística que se celebrará en Vigo e A Coruña, organizada por SGAPEIO , AGAPEMA e a Fundación Barrié. Recordade que o prazo para inscribirse finaliza o 15 de outubro.

Toda a información en: <http://bit.ly/18PO4UI>

3.- Xornada sobre léxico matemático

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas organiza unhas Xornadas sobre léxico matemático os próximos días 5 e 6 de novembro, coincidindo coa semana da ciencia. Estas Xornadas van dirixidas a todas as persoas que usan o galego para transmitir matemáticas. Entre outros obxectivos, pretenden que sirvan para ir tecendo uns medios que permitan a colaboración regular no terreo do léxico.

A Facultade vén esforzándose desde hai un tempo en facer agromar algúns destes medios, e estas Xornadas queren tamén servir de escaparate para difundilos e dinamizalos. Entre estes medios contamos coa rolda de léxico, o concurso de vídeos Explícoche matemáticas 2.0 e a nova iniciativa sobre Galipedia, que pode axudar a visualizar as matemáticas en galego.

Máis información en: <http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/CNL/actividades.html>

4.- Bolsas de formación para titulados universitarios no IGAPE

O obxecto destas axudas é a concesión dun máximo de 135 bolsas para a realización de prácticas formativas incardinadas en programas de mellora nas pemes galegas coa finalidade de formar a titulados universitarios en diversas áreas relacionadas coa profesionalización e o desenvolvemento estratéxico da empresa.

Titulacións requiridas: Física, Enxeñaría, **Matemáticas**, Química, Ciencias Económicas e Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Economía e Dereito.

Dotación económica: 9960 € anuais (830 € mensuais)

Prazo de presentación solicitudes: 4 de novembro de 2013

Máis información en: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131001/AnuncioO92-240913-0001_gl.pdf

5.- Día da ciencia en galego: 4 de novembro de 2013

O 4 de novembro de 2013 celébrase o Día da ciencia en Galego adicado a R. Buckminster Fuller, Florence Nighingale e Isaac Díaz Pardo

Máis información en: <http://www.cienciaengalego.org/drupal6/taxonomy/term/64>

6.- Novela “Los privilegios del azar”

Recentemente Carlos Felipe Martell, Profesor Titular de Estadística na Universidad de La Laguna (ULL) publicou a novela “*Los Privilegiados del Azar*” (**Chiado Editorial**). O índice desta novela coincide co de calquer manual académico de Estadística Aplicada ás Ciencias Sociais.

Pero... ¡non te enganes! “Los Privilegiados del Azar” é máis que un libro de Estadística. Descansa (por unha vez) dos libros académicos e sumérxete nun psicotriller bastante adictivo e de final desconcertante, ambientado na ULL, cunha denuncia social como fondo da trama.

Web da novela: <https://sites.google.com/site/losprivilegiadosdelazar/>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>